



PLATAFORMA GALEGA DA CULTURA

Aula de Cultura "Lume"
Fernando Macías, 3

A CRUÑA

Pen Club

Rúa do Home Santo do Bonaval, 60, 5º

SANTIAGO

Amigos nosos:

O 16 do pasado mês de maio fixo a súa presentación pública nesta cidade a que se dou en denominar PLATAFORMA GALEGA DA CULTURA; dando ese mesmo día coñecemento de un "Manifesto" do que adxuntamos un exemplar.

Ben se vé nel cales son os obxetivos que se tentan conseguir coa creación dunha organización deste tipo. As actividades que a prol da cultura galega sa andan hoxe a facer por todo o país e o intre histórico que cara a normalización dela e da lingua estamos a vivir, coidamos que esixen a existencia de algún órgano que artelle ou coordine de algún xeito aquelas actividades, co pensamento posto en realizar máis adiante unha gran xuntanza da Cultura Galega onde se poidan debatir todas as cuestións que a ela atingan.

Inda que non se explicita no "Manifesto", parécenos oportuno decir que, logo dos debates pertinentes entre os que de algún xeito iniciamos a Plataforma, considerouse o máis acertado que quenes deban levar a vangarda desta organización sexan as entidades culturais que, amais son as que teñen tras de si un historial de loita e traballo que lles dan o aval necesario pra facer unha convocatoria do tipo que estamos a facer. O resto das organizacións firmantes, tanto organizacións sindicais como políticas, veñen ser en certo sentido as que deban, pola súa implantación en toda Galicia, abrir os canles necesarios pra espallar a idea e así interesar nela a todas cantas organizacións e persoas compartan e comprendan a necesidade da Plataforma. Temos, pois, conciencia de que unha vez cumprido este labor prioritario, aquelas organizacións deben quedaren reducidas a un segundo plano.

Bó sería que vos interesárades por este proxecto que, ao cabo, soio persigue unha meirande popularización i espallamento da nosa lingua e cultura nacionais. Invitámosvos, xa que logo, a que, no caso de que vos interesedes polo tema vos dirixades a esta, ben escribindo a o enderezo enriba sinalado ou chamando por teléfono ao número 263408, de 10 a 1.30 e de 4 a 7.30 os días de traballo.

Na agarda das vosas novas, recibide unha forte aperta co pensamento posto na Terra.

PLATAFORMA GALEGA DA CULTURA